

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 2020/2021

ÍNDICE

Introdución	5
Principios e marco legal	7
Obxectivos	8
Diagnostico da situación de partida respecto á atención á diversidade no centro	9
Medidas de atención á diversidade	10
Medidas xerais.....	11
Destinatarios	11
Tipos de medidas:.....	11
Medidas de apoio ordinario.....	13
Destinatarios.	13
Tipos de Medidas.....	14
Procedemento para a detección de necesidades.	17
Procedemento de información ás familias.....	19
Criterios de avaliación en canto a eficacia das medidas.....	19
Medidas de apoio específico	20
Destinatarios	20
Tipos de medidas extraordinarias:	20
Procedemento para a detección das necesidades.....	21
Procedemento de información as familias.....	22
Criterios de avaliación en canto a eficacia das medidas.....	22

Implicación dos diferentes profesionais educativos e da familia.	23
Profesor titor.	23
Profesor de PT.....	24
Resto do profesorado.	25
Equipo directivo.	26
Familia.	26
Recursos materiais.....	27
Avaliación e seguimento do plan.....	27
Bibliografía	29

Introdución

A atención á diversidade é un dos principios básicos para facilitar unha educación máis individualizada que permita axustar a resposta educativa aos alumnos no que se refire á súa capacidade de aprendizaxe, aos seus intereses e motivacións así como as diferencias que entre eles podan darse debido tanto a características persoais como sociais.

A normativa dos últimos anos DECRETO 229/2011, polo que se regula *la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia* nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, ten, entre os seus obxectivos máis salientables o de avanzar nunha resposta educativa de calidade tendo en conta toda a diversidade do alumnado, no contexto dunha enseñanza comprensiva e permeable ás necesidades de “todos” os alumnos respectando así o dereito natural de calquera alumno a ser educado conforme ás súas peculiaridades, buscando o equilibrio entre normalización e diversidade.

O Plan de Atención á Diversidade (PAD) debe ser entendido como o conxunto de actuacións organizativas, apoios e reforzos que deseñamos e poñemos en práctica, desde o centro, para proporcionar a todo o alumnado a resposta educativa máis axustada as súas necesidades educativas xerais así como as particulares de cada un.

Estas medidas deben integrarse nun continuo que van, no noso centro, dende o reforzo ordinario ao apoio específico tanto dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo –necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade,

incorporación tardía ao sistema educativo o por condicións desfavorables de carácter persoal ou de historia escolar- como aos alumnos con necesidades educativas especiais de orde psíquico, cognitivo ou de conducta.

Polo tanto, entendemos o PAD como un proxecto de acción global, non como unha suma de programas ou accións e medidas illadas. A programación e desenvolvemento desde proxecto non é responsabilidade e competencia exclusiva dunha parte do profesorado do Centro senón que é necesaria a implicación de toda a Comunidade Educativa, razón pola que foi elaborado por todo o Claustro, coordinado polo Equipo Directivo baixo a orientación e o asesoramento do Departamento de Orientación.

Esta resposta á diversidade implica formular obxectivos e actuacións diversas que reflicten nos distintos documentos do Centro, Proxecto Educativo, a Programación Xeral Anual, O Plan de Acción Tutorial e as Programacións, por tratarse de obxectivos transversais en todos eles:

- Previr, detectar e, de ser o caso, intervir para paliar as dificultades no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Asesor ós pais, nais e titores nos aspectos que se consideren oportunos.
- Atender ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A atención á diversidade debe ser unha actuación que inspire e aglutine a organización e o funcionamento do Centro, debe constar como criterio metodolóxico nas programacións e debe esixir un compromiso e unha actuación conxunta de todos os membros da comunidade educativa.

Principios e marco legal

Segundo o marco legal vixente as actuacións dirixidas a atender o conxunto do alumnado deben partir da necesidade de normalizar as diferencias dentro do contexto escolar e o respecto ás mesmas. Todo isto esixe un esforzo, adaptación de materiais, cambios metodolóxicos ou organizativos, etc, que precisa dun traballo coordinado e consensuado entre todos os membros da comunidade educativa.

O pluralismo é enriquecedor pero, a existencia dunha realidade plural, require que haxa que adoptar medidas diferenciadoras para dar resposta ás distintas necesidades e abarcar unha realidade educativa que non exclúa os diferentes matices da diversidade propia de cada aula. Para isto débense ter en conta os seguintes principios:

- Principio de calidade da educación, para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias; cada alumno debe poder alcanzar o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
- Principio de equidade na educación, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación; ao tempo, este principio, debe actuar como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais con especial atención as que se derivan de discapacidade.
- Principio de intervención educativa, para facilitar a aprendizaxe de todos os alumnos en función das necesidades de cada un.

Estes principios organizarase en torno a dous eixes de actuación:

- Planificar os recursos, materiais e humanos, para ter previstas as medidas que haberá que levar a cabo para atender á diversidade.
- Previr a aparición de dificultades de aprendizaxe e establecer as medidas adecuadas para dar resposta as necesidades dos alumnos.

Obxectivos

- Desenvolver ao máximo as potencialidades dos alumnos mediante un apoio específico e adecuado as dificultades concretas de cada caso. Tratar de aumentar a confianza nas súas posibilidades e aumentar a súa autoestima positiva.
- Adaptar de forma específica a resposta educativa ao alumnado, matriculado no centro, con necesidades educativas especiais/específicas.
- Detectar, reforzar e apoiar ao alumno que presente dificultades na aprendizaxe dos aspectos básicos e instrumentais do currículo.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas as necesidades de cada alumno.
- Regular os canles de colaboración entre os diversos profesores que interveñen cos alumnos de necesidades educativas.

- Organizar os recursos persoais e materiais do centro, facilitando unha resposta adecuada a todo o alumnado e/ou fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas.
- Fomentar a participación das familias no proceso educativo dos seus fillos.
- Coordinarse con institucións e organismos externos ao centro.

Diagnostico da situación de partida respecto á atención á diversidade no centro

O noso centro para este curso 2020-2021 conta cun total de 51 alumnos matriculados que computan nun total de 72 prazas, dos cales 42 cursan Formación Profesional Básica (FPB), 3 cursan o módulo 4 da Educación Secundaria Adultos (ESA) e 5 están matriculados, en aula específica (Enseñanza Básica Obrigatoria) mais un alumno que está en escolarización combinada con IES ordinario.

Curso	Alumno matriculado	Alumno con neae/nee
1º FPB de Cociña e Restauración	8	4
2º FPB de Cociña e Restauración	10	5
1º de FPB de Carpintaría e Moble	9	4
2º de FPB de Carpintaría e Moble	15	7
ESA	3	1
Aula específica	6 (1 en escolarización combinada)	6

Medidas de atención á diversidade

Partimos da realidade de que o alumnado escolarizado no noso Centro non é homoxéneo, ten intereses diversos, estilos de aprendizaxe distintos, capacidades diferentes e niveis de coñecemento heteroxéneos.

En consecuencia, dende o CPR Agarimo e, máis concretamente, dende as aulas tentamos dar resposta a esa diversidade, optando por un plantexamento metodolóxico e organizativo que poida responder a todas as necesidades educativas do alumnado dentro do marco dos obxectivos xerais e da programación correspondente. Tentamos anticiparnos, a esta realidade, coa seguinte secuencia de medidas de prevención:

- Detección de dificultades por parte do titor.
- Aplicación de medidas ordinarias para solucionar as debilidades do alumno. Cando o desfase curricular non sexa moi importante, traballarase os mesmos contidos cos do grupo de referencia, pero con outras estratexias. Se optará polo traballo individualizado dentro da aula ou pola participación do alumno nun grupo máis reducido de aprendizaxe.
- Si despois de aplicar estas medidas, o alumno non avanza de forma adecuada, solicitarase a intervención do Departamento de Orientación que realizará unha avaliación psicopedagóxica, encamiñada a dar unha resposta axustada aos alumnos que presenten necesidades educativas especiais e que por tanto, necesitan de medidas de apoio específico.
- Se aínda así o alumno segue sen alcanzar os obxectivos previstos solicitarase a intervención do equipo específico.

En todos os casos os apoios educativos ordinarios e/ou extraordinarios poranse en práctica tan pronto como se detecten as necesidades e se retirarán en canto estes alumnos alcancen os obxectivos previstos. Sempre se porán en marcha, en primeiro lugar, medidas de carácter mais xeral para, en caso de que estas sexan insuficientes, ir personalizando os apoios en función das fortalezas e debilidades de cada alumno.

Medidas xerais

Son estratexias que o centro pon en marcha para adecuar os elementos prescriptivos do currículo ao noso contexto particular co obxectivo de dar a resposta educativa máis inclusiva e normalizada posible aos diferentes niveis de competencia curricular, capacidades, expectativas, motivacións, ritmos ou estilos de aprendizaxe, así como as diferencias sociais e culturais do noso alumnado.

Destinatarios

Todos os alumnos do centro.

Tipos de medidas:

- O desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial que se centrará no seguimento grupal e individual do alumnado. O profesor/titor porá especial atención aos alumnos que presenten:
 - Dificultades na linguaxe oral e/ou escrita.
 - Problemas de comprensión lectora.
 - Dificultades no razoamento lóxica-matemático.

- Dificultades na percepción do espazo e/ou tempo.
 - Déficit no ámbito psicomotor.
 - Conflitos de convivencia entre iguais.
 - Dificultades na autonomía persoal e nas actividades escolares.
 - Inestabilidade emocional por falta de estímulos afectivos.
 - Problemas de conducta.
- A organización do profesorado que facilitará a coordinación entre os profesionais que traballen cun mesmo grupo de alumnos. Todos os profesionais implicados no proceso de ensino-aprendizaxe dun alumno deberán ter en conta:
 - A situación familiar e persoal do alumno.
 - Os procesos de socialización e convivencia do mesmo.
 - O desenvolvemento dun currículo comprensivo e global.
 - A importancia da formación en valores.
 - A necesidade de atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
 - O imprescindible dunha organización flexible de tempos e horarios.
 - A necesidade da posta en marcha de diferentes metodoloxías e a aplicación de diferentes materiais e recursos.
 - A importancia dunha comunicación fluída e continua coa familia.
- Planificarase a actuación do Departamento de Orientación a través da figura da Orientadora.

- Organizaranse os horarios dos profesores de pedagogía terapéutica para que, unha vez atendidas as necesidades das aulas específicas, podan ocuparse de dar resposta ás necesidades de alumnos matriculados na FPB ou ESA.
- Coordinaranse, implicando o máximo número de membros da comunidade educativa, todos os programas encamiñados á atención a diversidade.
 - Plan de Acolida de alumnos: ten como finalidade integrar a aqueles alumnos que veñen co curso comezado e, nalgúns casos, descoñecendo o idioma.
 - Programa de Inclusión: terá como punto de partida a aula por considerarmos que este debe ser o primeiro lugar de atención á diversidade. A aula é o espazo onde se concreta o proceso de aprendizaxe en todas as súas dimensións cognitivas, afectivas e sociais.
 - Colaboración co Programa de Absentismo Escolar establecido pola unidades de Asuntos Sociais do concello.

Medidas de apoio ordinario

Destinatarios.

Son alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo. Como é o caso de:

- Alumnos que se incorporan tardiamente ao sistema educativo español, por proceder doutros sistemas educativos ou por calquera outro motivo, con carencias de coñecementos instrumentais.

- Alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Alumnos con dificultades en contidos concretos que terán un reforzo educativo temporal.

A organización dos apoios deberá posibilitar a recuperación de coñecementos básicos.

Tipos de Medidas.

- Axustes Organizativos dentro da aula.
 - Condicións ambientais: aquelas que promovan mellor o traballo e o rendemento escolar: condicións físicas, nivel de ruído e destacar o ambiente de aceptación das diferencias culturais e sociais que debe imperar dentro das aulas.
 - Organización dos espazos da aula: colocación do alumno con compañeiros susceptibles de poderlle axudar, proximidade co profesor e sobre todo a colocación de mobiliario escolar que facilite a aceptación dos compañeiros e a formación dun “espírito de grupo”.
 - Organización do tempo: ter en conta os momentos en que mellor rende o alumno, adecuar o tempo ás necesidades do alumno, etc.
 - Agrupamentos de alumnos
 - Etc.
- Axustes metodolóxicos
 - Explicación individualizada: despois dunha explicación dada á clase en conxunto pódese volver a explicar ao alumno de forma individualizada e/ou de distinta forma.

- Supervisión frecuente: seguimento da tarefa dun alumno en máis ocasión que ao resto de compañeiros.
 - Repasos periódicos de contidos xa traballados.
 - Secuenciación da tarefa ou actividade en pasos: ir presentándolle a tarefa ou actividade en máis pasos que aos demais.
 - Selección e adecuación de materiais: selección de material aumentativo/alternativo.
- Axustes relacionados coas actividades
 - Programar distintas actividades para un mesmo contido.
 - Programar actividades que alternen distintos tipos de agrupamentos.
 - Etc.
 - Adaptacións de acceso ao currículo.

Son modificacións ou provisión de recursos espaciais (supresión de barreras arquitectónicas, luminosidade, ruído ambiental...), materiais (instrumentos o equipos específicos, mobiliario...) que van a facilitar que os alumnos con necesidades educativas especiais poidan desenvolver o currículo ordinario.

Estas adaptacións serán precedidas por unha avaliación psicopedagóxica e realizarase un seguimento e unha avaliación.

- Apoios específicos.
 - Respecto ao momento en que se realiza o apoio.
 - Apoio previo: anticipar ao alumno elementos básicos de determinados contidos que se tratarán posteriormente na aula.

- Apoio simultáneo: recíbese durante o tempo en aula..
- Apoio posterior: a axuda dáse despois de ter traballado na aula e comprobado unha dificultade determinada.
- Respecto ao lugar no que se realiza o apoio.
 - Apoio dentro da aula: baseado en adaptacións non significativas do currículo.
 - Apoio fora da aula: Pode ser individual ou en pequeno grupo. As agrupacións realizaranse por nivel de competencia curricular e por tipo de dificultades nas aprendizaxes, sempre que sexa posible. Respetaranse as actividades que contribúen a unha mellor socialización
- Respecto ao tipo de agrupamento
 - O reforzo individual no grupo-aula.

Traballo individualizado. Cos alumnos de apoio traballarase de forma máis lenta e individualizada, para subsanar aquelas dificultades que no “grupo-aula” non se lograron. A metodoloxía que se aplicará será a seguinte:

- Adecuar o nivel de esixencia aos alumnos.
- Prestar atención individualizada.
- Localización cerca do profesor.
- Fomentar a participación do alumno.
- Reforzar determinadas actividades segundo o tipo de dificultade: problemas de escritura con actividades manipulativas, falta de atención con fichas específicas...
- Explicacións a niveis máis baixos.

- Adaptación de tarefas cunha secuenciación máis pormenorizada da actividade.
- Seguimento personalizado.
- Repasos frecuentes do aprendido.
- Incorporación de novos aspectos metodolóxicos.
 - O reforzo en agrupamentos reducidos e flexibles.

Estes agrupamentos poderán levarse a cabo dentro ou fora da aula e terán como obxectivos:

- Afianzar contidos básicos e instrumentais.
- Posibilitar a atención máis individualizada.

Procedemento para a detección de necesidades.

A detección inicial dos posibles alumnos susceptibles de recibir reforzo educativo será realizada polos distintos profesores, os cales ao inicio de curso, realizarán unha avaliación das características dos alumnos e determinarán cales poden necesitar apoio educativo. Poderase tamén obter información dos datos do expediente dos alumnos, dos informes e das decisións tomadas nos cursos anteriores e tamén do titor precedente.

Cada titor elaborará unha lista cos posibles alumnos de reforzo e trasladará a proposta a Xefa de Estudos, que promoverá reunións para determinar de forma consensuada, a organización do apoio. Esta relación será revisada trimestralmente para sacar do reforzo aos alumnos que teñan superado

as súas dificultades ou tamén, para incorporar a outros alumnos que presenten novos problemas de aprendizaxe tendo en conta os seguintes criterios:

- Número de alumnos para formar grupos.
- A libre disposición horaria dos profesores.
- Sesións dedicadas ao reforzo de cada docente.

Posteriormente, estableceranse unha serie de reunións para a coordinación entre os tutores e os profesores de reforzo a cal permitirá determinar os obxectivos e contidos a traballar, así como os materiais que se van a empregar.

Os acordos que se adopten reflexaranse nos rexistros trimestrais que se realizarán para cada alumno. Neles acolleranse os seguintes datos:

- Nome do alumno.
- Profesor que realiza o apoio.
- Aprendizaxes ou contidos que se reforzan.
- Horario
- Evolución do alumno.

Nas sesións de avaliación, o equipo docente comprobará conxuntamente a evolución do alumno e tomaranse as decisións sobre a conveniencia ou non de continuar co apoio ou de modificar algún aspecto da intervención educativa. Tamén se aportarán datos concretos das dificultades, así como se recollerán propostas de mellora e suxestións.

Procedemento de información ás familias.

O titor comunicará ás familias a medida que se vai a adoptar cos alumnos e solicitarase a súa conformidade por escrito. Así mesmo, pediráselles a súa colaboración e informaráselles regularmente sobre a evolución e sobre as posteriores decisións que se tomen.

Nas reunións coas familias, informaráselles sobre as posibles medidas e explicaráselles detidamente os obxectivos así como o plan de traballo.

Criterios de avaliación en canto a eficacia das medidas.

En cada unha das sesións de avaliación analizarase a situación de cada alumno en particular atendendo aos seguintes criterios:

- Nivel de satisfacción da organización das medidas.
- Cumprimento do horario establecido.
- Cumprimento dos acordos tomados.
- Resposta da medida ás necesidades dos alumnos.
- Resultados positivos da aplicación das medidas.

Aqueles alumnos pertencentes ao grupo de reforzo que superen os problemas de aprendizaxe, que motivaron a súa inclusión no mesmo, deixarán de recibir dito apoio hasta que, novamente, fose preciso, se fose o caso.

Medidas de apoio específico

As medidas de carácter excepcional aplicaranse para dar resposta educativa aos alumnos que presentan necesidades educativas específicas. Estas medidas adoptaranse cando se teñan esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade.

O centro conta, actualmente, con un psicólogo/PT, dúas psicopedagogas/PT e tres mestres PT, para atender as necesidades que presentan os alumnos aos que se refiren os artigos 71 a 79 da Lei 2/2006.

Destinatarios

O alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade, por incorporarse de xeito tardío ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Tipos de medidas:

As medidas extraordinarias para atender aos alumnos con necesidades educativas especiais organizaranse co obxectivo de conseguir a funcionalidade e significatividade das aprendizaxes básicas e poderán ser, segundo as ensinanzas que ofrece o noso centro, de natureza distinta:

- Na FPB
 - Flexibilización modular cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral ou, excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou tres anos.
- Na ESA e Aulas específicas
 - Adaptacións curriculares

Trátase dunha medida extraordinaria da atención á diversidade na que existe unha variación ou axuste nos elementos prescriptivos do currículo. Son deseñadas para un alumno.

Procedemento para a detección das necesidades.

Unha vez esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade, poderá iniciarse o proceso de detección das necesidades educativas especiais do alumno segundo se indica a continuación:

- O titor cubrirá o protocolo para a demanda da avaliación que será proporcionado pola xefa de estudos, ao tempo que se solicita autorización á familia para realizar a avaliación.
- A demanda será recollida pola Xefa de Estudos e entregada ao Departamento de Orientación.
- O Departamento levará a cabo unha avaliación psicopedagóxica.

- Concretarase a atención do alumno e as medidas extraordinarias mais axeitadas.
- Iniciaranse os trámites burocráticos para solicitar a súa autorización aos organismos correspondentes.

Os profesionais implicados no desenvolvemento destas medidas serán:

- Equipo docente: titor.
- Equipo de apoio á integración formado por:
 - Orientadora do Centro.
 - Profesor/es e Mestres PT
 - Xefe de Estudos/Dirección.

Procedemento de información as familias.

- Coordinación do Equipo de apoio coas familias Manteranse entrevistas trimestrais, nelas ten que participar o titor.
- Informarlles das áreas, ámbitos ou módulos nos que os seus fillos teñen adaptación ou flexibilización modular.
- Pedirase a colaboración da familia para conseguir o progreso do alumno.

Criterios de avaliación en canto a eficacia das medidas.

O seguimento dos alumnos con necesidades educativas especiais será continuo e o realizarán todos os profesionais que traballan con estes alumnos.

A avaliación realizarase de maneira conxunta cos profesores de cada alumno e diariamente na aula.

A avaliación realizarase en función da súa adaptación curricular ou flexibilización. Terán un peso importante todos os aspectos actitudinais e conductuais. Deberá facerse fincapé nas posibilidades educativas do alumno e non nas súas fortalezas e debilidades.

Como normal xeral os alumnos con necesidades educativas especiais promocionan sempre, excepto cando se considere que coa repetición poden alcanzar os obxectivos do curso e ou cando polas súas características persoais se estima adecuado para a súa integración e socialización.

Implicación dos diferentes profesionais educativos e da familia.

Profesor titor.

Ademais das funcións xerais determinadas para os titores no PAT completaranse as descritas a continuación :

- Participar na elaboración e desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación baixo a coordinación da Xefa de Estudos e a colaboración da Orientadora.
- Realizar a avaliación inicial de nivel de competencia curricular dos alumnos en colaboración co resto dos profesores implicados no grupo.

- Comunicar ao Xefe de Estudos os casos detectados de necesidades para informar as familias e ao Departamento de Orientación co fin de articular as medidas pedagóxicas necesarias.
- Colaborar na avaliación psicopedagóxica; en particular na determinación da competencia curricular e sobre as características do contexto familiar e escolar.
- Desenvolver, xunto co profesorado de PT, as medidas ordinarias e extraordinarias propostas para cada alumnado.
- Asegurar a coordinación entre os distintos profesionais que traballen cun mesmo grupo.
- Realizar o reforzo educativo aos alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe e/ou coordinarse cos profesores que realizan o reforzo.
- Informar ás familias dos alumnos con necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe sobre todo aquilo que lles concirna en realización coas actividades docentes e rendemento académico.

Profesor de PT.

Ademais das funcións recollidas na normativa dos profesores de apoio responsabilizaranse de:

- Colaborar na elaboración e implantación das medidas ordinarias e extraordinarias.

- Apoiar aos alumnos n.e.a.e., dentro e/ou fora da aula (sempre e cando o inspector de o seu consentimento)
- Emprender actuacións xerais tanto para previr a aparición de dificultades de aprendizaxe como para detectalas o antes posible.
- Realizar a avaliación e seguimento con todos os profesores implicados (reunións trimestrais coordinadas pola Xefe de Estudos)
- Manter reunións semanais para intercambiar opinións sobre os alumnos e planificar a intervención con eles.
- Realizar entrevistas coas familias para informarles sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos. O profesorado PT elaborará, coa colaboración do titor, información cualitativa que se lles transmitirá as familias.

Resto do profesorado.

- Poñer en práctica as medidas de apoio ordinario con a aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe nalgunha das áreas, ámbitos ou módulos e non teñan desenvolvido adecuadamente os hábitos de traballo e estudo.
- Coordinación entre todos os profesores implicados tanto na avaliación como durante o seguimento das medidas.

Equipo directivo.

- Recoller e canalizar as propostas dos titores sobre a detección do alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Coordinar as áreas de intervención e os profesores implicados.
- Supervisar e garantir a adecuada atención individualizada dos alumnos.
- Organizar os tempos que o Centro poda aportar para a aplicación do Plan de Atención a Diversidade.
- Coordinación con todos os profesionais que participan na aplicación deste Plan.
- Establecer relacións con outras Institucións que nos podan prestar axuda, asesoramento, ... en casos concretos.

A Xefa de Estudos establecerá as horas que cada profesor dedicará ao apoio educativo, tanto ordinario como específico e realizará o horario de atención a estes alumnos, sempre supeditado ao horario xeral do Centro e tendo en conta as horas dispoñibles do profesorado.

Familia.

- Autorizar a realización da avaliación psicopedagóxica.
- Coñecer e autorizar, se así o consideran oportuno, as medidas de apoio, ordinario ou extraordinario, que vaian a ser aplicadas aos seus fillos.

- Recibir información sobre o proceso ensinanza-aprendizaxe levado a cabo polos seus fillos.

Recursos materiais

- Curriculares: Secuenciación, introdución ou eliminación de obxectivos e de contidos, modificacións na metodoloxía e nos instrumentos de avaliación.
- Organizativos: Adopción de medidas organizativas como o reforzo individual no grupo ordinario e os agrupamentos flexibles.
- Metodolóxicos: Actividades de reforzo e/ou enriquecemento de Unidades Didácticas, recuperacións e adaptacións curriculares.
- Materiais: Todos os materiais impresos ou elaborados polo profesor para este fin.
- Persoais: Profesor/titor, profesores especialistas, psicopedagoga e psicólogo.
- Espaciais: A propia clase, as titorías e outros espazos que poidan ser utilizados para este fin.

Avaliación e seguimento do plan

Unha vez aprobado o Plan de Atención a Diversidade polo Consello Escolar, incluírase na Programación Xeral Anual e realizarase un seguimento

das actuacións. Se informará ao Claustro acerca do seguimento realizado sobre o desenvolvemento e aplicación do Plan de Atención á Diversidade, realizando as propostas de mellora en función da información dispoñible e dos resultados obtidos.

Ao final do curso, o Claustro realizará unha avaliación interna del PAD tendo en conta:

- O resultado de seguimento ao largo do curso.
- A valoración realizada tras a Coordinación Pedagóxica.
 - Interna de todos os profesionais que interveñen no desenvolvemento do Plan, facilitando por parte do Centro, as reunións que sexan necesarias para facer o seguimento dos alumnos.
 - Externa do Centro con outros servicios específicos, organismos, entidades e profesionais que actúen sobre o alumnado do Centro para conseguir unha coordinación e seguimento dos obxectivos propostos.
- As suxestións de mellora realizadas polo resto dos órganos de goberno e de coordinación docentes.
- As aportacións e suxestións da Inspección.

As conclusións do informe de avaliación así como as propostas de mellora realizadas reflexaranse na memoria de fin de curso.

Ao inicio de cada curso, realizarase a revisión do Plan de acordo cos criterios establecidos polo Claustro e o informe de avaliación realizado no curso anterior. As modificacións que se realicen no PAD incluíranse na Programación Xeral Anual.

Bibliografía

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de Educación (LOE)
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora de la calidade educativa.